

PROXECTO  
EDUCATIVO  
CEIP MANUEL  
PADÍN TRUITEIRO.

ARCADE (SOUTOMAIOR)

DATA APROBACIÓN CLAUSTRO: 05/03/2024

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 30/01/2024

DATA ENVÍO INSPECCIÓN EDUCATIVA:

## TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.....	5
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
3. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	6
3.1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN.....	6
3.2. DESCRICIÓN DO CONTORNO.....	7
4. TIPOS DE FAMILIAS.....	9
5. ALUMNADO. ....	10
6. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN.....	10
7. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS. ....	11
8. OBXECTIVOS PRIORITARIOS.....	12
8.1. CONVIVENCIA E COOPERACIÓN. ....	12
8.2. ALUMNADO E O SEU DESENVOLVEMENTO.....	12
8.3. EDUCATIVOS E PEDAGÓXICOS. ....	13
8.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	13
8.5. XESTIÓN E FORMACIÓN.....	13
9. MEDIDAS PRIORITARIAS.....	13
10. CARACTERÍSTICAS SINGULARES. ....	14
10.1. OFERTA EDUCATIVA.....	14
10.2. EDIFICIO E INSTALACIÓN.....	14
10.3. ESTADO E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN.....	15
10.4. RECURSOS TECNOLÓXICOS.....	15
10.5. HORARIOS. ....	15
10.6. PROFESORADO. ....	17
10.7. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS. ....	17
10.8. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	18
10.9. LIÑAS PEDAGÓXICAS E DOCUMENTOS CORRESPONDENTES. PLANS DO CENTRO.....	18
10.10. OUTROS PLANS E PROGRAMAS. ....	22
10.11. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO. ....	22
10.12. EDUCACIÓN INFANTIL ....	26
10.13. EDUCACIÓN PRIMARIA.....	28
11. FINS E INTENCIÓN EDUCATIVAS.....	29
11.1. REFERIDOS AO ALUMNADO. ....	29
11.2. REFERIDOS AO PROFESORADO. ....	30
11.3. REFERIDO ÁS FAMILIAS. ....	31
11.4. LINGUA ESTRANXEIRA. SECCIÓN BILÍNGÜES. ....	31
12. CONCRECCIÓN CURRICULAR. ....	32

12.1.	ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO E ÁS NECESIDADES DO ALUMNADO.....	32
12.2.	DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS. ....	32
12.3.	ORIENTACIÓNS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA. ....	32
12.5.	TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES.....	36
13.	ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	38
13.1.	PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS INFANTIL E PRIMARIA. ....	38
14.	LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....	39
15.	AVALIACIÓNS.....	39
15.1.	CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.....	40
15.2.	AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL. ....	40
15.3.	AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA. ....	41
15.4.	PLAN ESPECÍFICO PARA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.....	41
16.	ESTRATEGIAS E COORDINACIÓNS ENTRE ETAPAS E NIVEIS. ....	41
17.	AVALIACIÓN DO P.E.....	42



## 1. INTRODUCCIÓN

**Non existe unha forza transformadora máis poderosa cá educación para promover os dereitos humanos e a dignidade, erradicar a pobreza e lograr a sustentabilidade.**

**Unha forza para construír un futuro mellor baseado na igualdade de dereitos e a xustiza social, o respecto pola diversidade cultural, a solidariedade internacional e a responsabilidade compartida, aspiracións que constitúen aspectos fundamentais da nosa humanidade común.**

**UNESCO «Reformular a educación. Cara a un ben común mundial? »**

O noso Proxecto Educativo vai recoller os valores, obxectivos e prioridades de actuación que queremos para o Manuel Padín Truiteiro. Este é para nós un instrumento para a xestión coherente co contexto escolar e vai definir a nosa identidade.

Así mesmo, incorpora a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro.

Para a súa elaboración e fixarnos un obxectivo, realizamos unha análise do contexto, estudamos as necesidades educativas do noso centro, tentamos clarear e definir as nosas notas de identidade, delimitamos os fins e obxectivos, estudamos a estrutura organizativa e por último tentamos definir os elementos avaliábeis do proceso de ensino. Recollemos nel a forma de atención á diversidade, así como o Plan de Convivencia, e sempre dende o respecto ó principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais.

Adquirimos o compromiso de facer unha avaliación e metaavaliación contrastada en tódolos ámbitos e con tódolos elementos do proceso e en cada curso escolar, aínda que sabemos que os procesos educativos necesitan longos períodos de tempo para callar.

Tentamos que este proxecto sexa un instrumento que nos oriente e nos facilite a xestión, que defina a nosa identidade, recollendo os valores, obxectivos e prioridades establecidas e expresa a nosa estrutura organizativa.

Respectamos o principio de non discriminación, coeducación e inclusión educativa como valores elementais.

É un PE elaborado dentro do diálogo e do consenso entre os distintos estamentos da comunidade escolar que participan na súa elaboración, comprometéndonos todas/os a aceptalo e aplicalo. Sempre abertos a súa revisión en función das necesidades que se detecten.

Será o documento que nos indique o camiño a seguir, sinalándonos as directrices e estratexias de actuación.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

A normativa a ter en conta a hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.** <https://www.boe.es/eli/es/lo/2020/12/29/3/dof/glg/pdf>
- **LOE. Texto consolidado da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, coas modificacións da LOMLOE.** <https://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-7899-consolidado.pdf>

- **REAL DECRETO 95/2022**, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.  
<https://www.boe.es/boe/dias/2022/02/02/pdfs/BOE-A-2022-1654.pdf>
- **DECRETO 150/2022**, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220909/AnuncioG0655-080922-3\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220909/AnuncioG0655-080922-3_gl.pdf)
- **ORDE do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.  
[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-300523-0001\\_gl.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-300523-0001_gl.pdf)
- **REAL DECRETO 157/2022**, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.  
<https://www.boe.es/boe/dias/2022/03/02/pdfs/BOE-A-2022-3296.pdf>
- **DECRETO 155/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0001_gl.pdf)
- **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.  
[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-290523-0002\\_gl.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-290523-0002_gl.pdf)
- **Decreto 374/1996, do 17 de Outubro**, polo que se aproba o Regulamento organico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- **Orde do 22 de Xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- **Decreto 79/2010, do 20 de Maio**, para o plurilinguismo no ensino non Universitario de Galicia.
- **Lei 4/2011, do 30 de Xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **ORDE do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211026/AnuncioG0598-211021-0005\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211026/AnuncioG0598-211021-0005_gl.html)

O proxecto educativo do Centro (P.E.) será elaborado polo equipo directivo tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo claustro. Posteriormente será aprobado polo director/ra do centro.

Unha copia do P.E. quedará na secretaría a disposición de toda a comunidade educativa, outro exemplar entregaráselles a ANPA e un terceiro remitirase a inspección educativa.

### 3. ANÁLISE DO CONTEXTO.

#### 3.1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN.

Denominación oficial:	Centro Público (CEIP), de Educación Infantil e Primaria Manuel Padín Truiteiro.
Enderezo:	Rúa Arcade de Arriba s/n
Localidade	Arcade

Concello	Soutomaior
Provincia	Pontevedra
Código postal	36690
Código do centro	36025013
Teléfono/Fax	986 700049
E-mail	<a href="mailto:ceip.manuelpadin.truiteiro@edu.xunta.gal">ceip.manuelpadin.truiteiro@edu.xunta.gal</a>
CIF	Q8655303I
Titularidade	Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
Instituto ao que estamos adscritos	IES Soutomaior

### 3.2. DESCRICIÓN DO CONTORNO.

O CEIP Manuel Padín Truiteiro, de Educación Infantil e Primaria, foi creado no ano 1976 e ampliado en 1998 para acoller a etapa da ESO, no curso 2018/2019, transfórmase en CEIP, desaparecendo a etapa de ESO.

Está situado no lugar de Negueirós (Arcade de Arriba), na rúa Arcade de Arriba s/n, parroquia de Santiago de Arcade, pertencente ao concello de Soutomaior.

O concello de Soutomaior ten unha superficie de 24,9 km<sup>2</sup> e conta cunha poboación aproximada de 7.200 habitantes.

Neste concello existen dous núcleos poboacionais principais:

- Arcade, con características semiurbanas, na parroquia de Arcade, a poboación está máis concentrada, sobre todo no núcleo urbano, organizado fisicamente arredor de tres estradas de moito tráfico.

Esta parroquia está dividida en catro barrios: Arcade de Arriba, A Xesteira, A Devesa e A Calle. Cada un destes barrios está formado por núcleos máis pequenos, algúns deles constituídos recentemente debido ao crecemento demográfico experimentado nos últimos anos, como é o caso do Peirao.



- Soutomaior, de carácter máis rural (capitalidade do municipio), ten unha poboación dispersa, agrupada en pequenos barrios e lugares bastante separados: Aranza, As Cortellas, A Pena, Moreira, Alxán, O Rial, Lourido, O Val, O Sobral, Comboa, Vela, Romariz, A Pedreira e A Montesiña.

O colexio Manuel Padín Truiteiro atende a un sector de poboación situado no noso concello.

Pontevedra (a 11Km) e Vigo (a 24 km) son os referentes principais de toda a zona, no que se refire a servizos administrativos e no ámbito económico. Con todo, Arcade é unha vila con identidade propia, con recursos en ámbitos como o lecer, asociacionismo, etc..., á vez que actúa como referente económico para as aldeas limítrofes.

Nos últimos anos produciuse un importante incremento da poboación, este aumento é producido pola chegada de xente do rural galego e en menor medida doutros países, Marrocos, Sudamérica, China, etc. Porén, hai sinais de certo estancamento producido pola crise.

#### **a. Contexto Socio-cultural:**

O concello ofrece áreas de lecer como praias, o río, o castelo, área recreativa a carón do mar con pistas para actividades deportivas, paseos, parque infantil, un porto deportivo...

A nivel cultural, o concello ofrece os seguintes servizos de ocio e formación:

- Catro centros de ensino: o CEIP Manuel Padín Truiteiro, a EEI de Romariz e o IES Soutomaior de titularidade pública e o centro Santiago Apóstol, de titularidade privada en réxime de concerto.
- Unha Biblioteca Municipal, sita na localidade de Arcade.
- Un edificio Multiusos, para exposicións, concertos, teatro, charlas, etc., no que ten a súa sede a OMIX.
- Unha Casa da Cultura na parroquia de Soutomaior.

Existen numerosas agrupacións e sociedades que completan o panorama cultural e deportivo do concello de Soutomaior.

Desde o concello ofrécense os seguintes servizos:

- Unha Oficina Municipal de Información Xuvenil (Omix).
- Un CIM que conta cunha avogada e unha psicóloga.
- Servizos sociais: unha traballadora social, programas de orientación, asesoramento e información, de axuda no fogar, de emerxencia social, de animación, prevención e cooperación social, de convivencia alternativa e de educación familiar.

#### **b. Contexto Económico:**

O municipio de Soutomaior é fundamentalmente rural, pero a profesionalización exclusiva da agricultura é minoritaria, o que fai que a poboación activa compaxine a agricultura con outras actividades asalariadas.

No que se refire á economía local, ten relativa importancia a produción de uva albariña e os traballos realizados na enseada da ría de Vigo (naseiros, mariscadores/as de a pé e en barco).

O municipio tamén está provisto doutros servizos de ámbito local: comercios e hostalería. Dos tres sectores o máis desenvolto é o sector terciario. Porén non é suficiente para absorber toda a oferta de man de obra industrial, polo que parte da poboación desenvolve a súa actividade económica fóra do concello e volve a emigrar a outras comunidades autónomas e a outros países de Europa.

A taxa de paro do noso concello sitúase arredor dun 12,88%.

Segundo os datos das enquisas realizadas ás familias, o nivel socioeconómico do contorno do CEIP Manuel Padín Truiteiro considérase medio/baixo (nunha escala de baixo-medio-alto). Os maiores



ingresos xorden do sector secundario dos concellos limítrofes que é donde están situadas as empresas nas que desenvolven o seu traballo (Porriño, Vigo,...). A isto hai que sumar pequenas pensións familiares dos maiores que viven na mesma casa, e tamén é de axuda o traballo para o autoconsumo de cultivos e cría dalgún animal, sobre todo nos barrios máis rurais.

Os/As nenos/as reciben unha atención sanitaria correcta na maioría dos casos, efectuándose revisións periódicas, vacinacións e acudindo ao doutor/a cando o precisan.

Moitas familias preocupáanse de mandar aos seus fillos/as a actividades extraescolares que oferta a ANPA, o concello, as asociacións, etc, onde imparten diferentes actividades.

O centro pretende contribuír a favorecer o desenvolvemento da zona na que está situado, así como a fomentar que o alumnado afonde no coñecemento e respecto do seu contorno natural, xeográfico, histórico e económico, así como no compromiso de conservalos e melloralos.

Para este efecto, establecemos en cada curso liñas de actuación e colaboración con outras institucións do concello: **participación na repoboación dos nosos montes** tan castigados polas vagas de lume que asolan o noso concello cada ano; en colaboración con asociacións de montes, o concello e asociación de veciños.

Participación en diversos concursos, actividades de dinamización do comercio local (participación na decoración dos escaparates dos comercios durante as festas do Nadal), participación en charlas e conferencias sobre a natureza do contorno e a súa conservación e participación en recitais de música e teatro ofrecidos polo concello.

Ademais, pretendemos actuacións con outras institucións, (charlas sobre seguridade cidadá, problemática social que afecta á xuventude...), Cruz Vermella (charlas sobre prevención de riscos e técnicas de salvamento...), centro de saúde (charlas ou concursos sobre hixiene e saúde bucal, alimentación, prevención de drogas...).

### c. Contexto Lingüístico.

Na comunidade escolar do CEIP Manuel Padín Truiteiro coexisten o galego e o castelán. A nivel administrativo e docente séguese a lexislación vixente recollida no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

En primaria, no decreto 79/2010 establécense as materias que obrigatoriamente hai que impartir en galego e castelán. A distribución do resto das materias farase buscando un equilibrio entre as dúas linguas.

O CEIP Padín Truiteiro garantirá que ao remate da escolaridade cada alumna e cada alumno teña unha adquisición equilibrada e igualitaria das dúas linguas oficiais.

## 4. TIPOS DE FAMILIAS

Aínda que existe un número significativo de familias extensas nas que conviven tres xeracións distintas, a maioría de familias responden ás seguintes características:

a. Familias nucleares nas que un matrimonio convive cos seus fillos, entre un e dous no caso das familias autóctonas e entre dous e tres entre as familias inmigrantes.

b. Un número cada vez maior de familias monoparentais como consecuencia tanto dunha decisión persoal como froito da evolución social dos últimos anos.

Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Son os transmisores de valores, actitudes, hábitos..., que logo repercutirán na vida educativa.

Por iso a participación no centro debe ser un intercambio de información e apoio, é dicir, unha unión de esforzos para aproximar o colexio ao entorno social.

As familias participan no centro do seguinte xeito:

- A través dos seus representantes no Consello Escolar.
- A través da representación no Observatorio de Convivencia.
- Mediante a participación a través da ANPA.
- Mediante reunións canalizadas polo titor/a.

Buscaremos a colaboración das familias, xa que o feito educativo debe implicar a toda a Comunidade Educativa.

A maioría dos pais e nais preocupáanse polo rendemento escolar dos seus fillos/as e implícanse nas tarefas educativas e consideran boa a relación que manteñen co profesorado e acoden ao centro cando se estima oportuno.

## 5. ALUMNADO

O tipo de poboación dá lugar a un alumnado heteroxéneo no que convive pacificamente con independencia da súa orixe racial ou étnica. Aínda así existen problemas puntuais, que esixen medidas de **sensibilización e prevención** así como a potenciación dunha cultura de **xestión pacífica dos conflitos**.

**A diversidade do alumnado existente esixe:**

- a. Poñer en marcha unha serie de medidas de **atención á diversidade** de carácter extraordinario, en ocasións asociadas á poboación inmigrante.
- b. Potenciar a **titoría** do alumnado para facilitar a súa integración no grupo.
- c. Afondar na **relación coas familias** para conseguir compromisos delas en relación coa convivencia, coa formación e co rendemento do alumnado.

No centro impártense dúas etapas: Educación Infantil: 2º ciclo. (3, 4 e 5 anos) e Educación Primaria: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º (Entre 6 e 12 anos) A maioría viven no entorno próximo ao centro.

Aínda que non é posible xeneralizar en canto ás características deste alumnado, os intereses e finalidades varían en canto á idade.

Na nosa escola partimos dun concepto de escola activa, buscamos un alumnado participativo, que pense e sexa reflexivo, que faga propostas, que pregunte, que asuma responsabilidades, que constrúa os seus saberes, que coñeza as súas fortalezas e que respecte e valore as diferenzas.

O alumnado do centro adscrito proceden dun entorno rural.

## 6. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

O centro ten relación de colaboración coas seguintes organismos e institucións:

- a. Co Concello co que colabora en aspectos fundamentalmente deportivos e culturais.
- b. Existe unha colaboración co Centro ao que estamos adscritos, e co Centro que está adscrito a nós.
- c. Coas asociacións deportivas.
- d. Coa Diputación Provincial de Pontevedra.
- e. Monte Vivo
- f. Plan Director

g. Comunidades de montes do Concello.

## 7. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS

- PLURALIDADE

Apostamos polos valores de liberdade, igualdade, xustiza, responsabilidade, respecto entre as persoas, aceptación da diversidade, cooperación e solidariedade. Respectuosos co dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Partimos da aceptación da pluralidade, da diversidade e o respecto do desenvolvemento como persoas.

- COEDUCACIÓN

Favoreceremos o desenvolvemento integral das persoas independentemente do sexo. Queremos ser unha escola que avance na desaparición das desigualdades e nas discriminacións por razóns de sexo. QUEREMOS UNHA ESCOLA NON SEXISTA A PROL DA IGUALDADE.

Apostamos pola coeducación, insistindo na igualdade de homes e mulleres, traballando activamente na erradicación de prexuízos, crenzas, tradicións e actitudes que impliquen unha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou unha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro.

- INTEGRADOR

Educamos na igualdade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas ou morais, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

Aínda que nos diferencien os valores dependendo da familia da que formemos parte e da sociedade na que vivamos, o respecto a diferenza, ao diverso, ás distintas culturas e razas ou á nosa forma de vestir, peitearnos, etc son parte fundamental deste Proxecto Educativo

- ACONFESIONAL

Partindo do respecto por todas as ideas, crenzas ou prácticas relixiosas, o noso centro como Comunidade Educativa non ten carácter confesional e debe garantir, polo tanto, unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.

- COMPROMETIDO COA CONVIVENCIA

Comprometidos coa formación para a paz, que rexeita a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros da Comunidade escolar. O noso alumnado formarase para a resolución pacífica de conflitos, para a xustiza, para o diálogo e para a liberdade.

A **transversalidade educativa**, as escolas debemos vivir cara ó mundo que nos rodea interactuando e actuando con el. A escola debe axudar ao alumnado a desenvolver todas as súas potencialidades non só as intelectuais, senón as que teñen que ver coas actitudes e valores.

- DEMOCRÁTICO

Desenvolveranse en xeral os valores democráticos: tolerancia, participación, responsabilidade, diálogo permanente..., de xeito que o noso alumnado experimente un modelo democrático de convivencia nun espazo privilexiado.

- PROGRESISTA

Temos a vista posta no futuro, transmitindo os valores que incidan no desenvolvemento integral da persoa, atendendo tanto á formación académica como á formación persoal e o desenvolvemento da capacidade crítica.

- CREATIVO

A capacidade creativa e o pensamento diverxente son unha parte importante da aprendizaxe e xeran unha gran dose de motivación na escola. Debemos demostrarlle ao alumnado que a súa creatividade importa. Polo que, lle daremos prioridade ás metodoloxías que propoñan escenarios onde se propicie a creatividade.

- FOMENTAR O PENSAMENTO CRÍTICO

Pensar para entender, compartindo coñecementos; reflexionar, analizar o que se aprende. Pensar a cerca do que se aprende, assimilar ideas novas e diferentes. Realizar unha escoita activa para incorporar outras opinións e proporcionar habilidades que nos permitan seguir aprendendo por nós mesmos.

- RELACIONADO CO CONTORNO

Valoramos positivamente as oportunidades e as colaboracións que se nos ofrecen no noso contorno, e tratamos de establecer unha relación de cooperación e respecto mutuo a distintos ámbitos (concello, comercios, asociacións...). Dende o Manuel Padín Truiteiro empregaremos a contorna máis próxima para potenciar o contacto coa natureza como fonte de aprendizaxe e xerar conciencia de respecto e posta en valor do entorno tan rico que temos ao noso redor.

Desenvolvendo entre o noso alumnado unha concienciación ecolóxica sostible, valorando os nosos bosques e o noso entorno natural. Apostando pola compostaxe, reciclaxe, etc.

- COÑECEDORES DA NOSA CULTURA

Partiremos do noso entorno para coñecer outras realidades, valorando así as diferenzas culturais e lingüísticas como posibilidades, NUNCA COMO ATRANCOS ou DIFICULTADES.

Pór en valor a nosa música, o baile, a tradición oral, etc.

## 8. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

### 8.1. CONVIVENCIA E COOPERACIÓN.

- Conseguir un clima de convivencia baseado na liberdade, na responsabilidade, no respecto e na xustiza.
- Contribuír a favorecer o desenvolvemento da zona na que está situado o noso centro (incidencia no contorno).
- Consolidar os proxectos de colaboración con institucións, sociedades e persoas que traballan a prol dunha sociedade máis xusta e solidaria.
- Dar resposta á diversidade existente establecendo todas as medidas necesarias para atender á toda a poboación escolar.

### 8.2. ALUMNADO E O SEU DESENVOLVEMENTO

- Lograr que todo o alumnado sinta que cando se atopa no centro está nun lugar de máximo respecto cara ás realidades, identidades e ás opcións persoais libres de cadaquén.
- Loitar contra as desigualdades existentes entre o alumnado que se sustenten en prexuízos ante crenzas, nacionalidades, linguas, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dun prexuízo en calquera ámbito da vida.
- Conseguir xerar actitudes de persoas que resollen as súas discrepancias facendo uso da palabra, a reflexión e o razoamento. Nunca da violencia.
- Ter sentido crítico e aumentar a autoestima
- Aprender a escoitar
- Construír unha imaxe de si mesmo na que acepten as súas limitacións e as súas posibilidades
- Fomentar a creatividade e a empatía
- Traballar as emocións e aprender a xestionalas.

### 8.3. EDUCATIVOS E PEDAGÓXICOS.

- Velar pola igualdade de xénero traballando activamente na erradicación de prexuízos, crenzas, tradicións e actitudes que impliquen una distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou unha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro.
- Consolidar os valores de liberdade, igualdade, xustiza, responsabilidade, respecto entre as persoas, aceptación da diversidade, cooperación, solidariedade, respecto ao medio natural, creatividade e gusto polo traballo ben feito.
- Lograr ser unha comunidade educativa, para lograr que todos e todas se sintan identificados co centro, implicándose no traballo e nas decisións, cada un desde o seu posto e desde a súa responsabilidade, e coas vías de participación axeitados e garantidos para tal fin.
- Abordar a aprendizaxe lingüística dunha maneira integrada e interdisciplinar en todas as áreas do currículo.
- Integrar no proxecto educativo a toda a comunidade educativa, antigos/as alumnos/as, ANPA, Concello e sociedade civil, para crear unha comunidade de aprendizaxe.
- Acadar o máximo rendemento do alumnado cunha atención da diversidade, que logre sacar o mellor proveito das capacidades de cada persoa.
- Incluír **medidas específicas para facilitar o coñecemento das distintas culturas**, xerar a empatía necesaria con esas culturas e cos membros das mesmas e **potenciar a tolerancia** coas diferencias.

### 8.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

- Facer que a participación de todos os axentes que interveñen no proceso educativo sexa un punto no que conflúan todas as forzas.
- Canalizar de forma eficaz o esforzo dos órganos colexiados (Equipos de ciclo e nivel, CCP, Observatorio de convivencia, Consello Escolar, EDL...).
- Lograr que a participación de todos implique escoitarnos e acordar as propostas, polo que será preciso coñecer e tomar en consideración as demandas de todos os axentes da comunidade educativa, e ser capaces de poñernos no lugar dos outros.
- Conseguir que a organización e a planificación sexan os eixos fundamentais para sermos máis eficaces no proceso educativo.
- Lograr que os recursos económicos do centro se xestionen con eficacia e eficiencia.
- Facilitar o traballo docente atendendo a cuestións didácticas, organizativas e mesmo de convivencia e disciplina.
- Apostar por unha forte coordinación e dinamización do profesorado en cuestións tales como o reparto temporal de determinados contidos ao longo do curso, a reflexión sobre metodoloxías ou o deseño coordinado de probas avaliativas.
- Favorecer a formación permanente dos docentes e apoiar as súas innovacións pedagóxicas para mellorar o proceso educativo.
- Integrar a todos os compoñentes da Comunidade Educativa neste Proxecto Educativo.

### 8.5. XESTIÓN E FORMACIÓN.

- Consolidar o proceso avaliativo como primeiro paso preciso para detectar deficiencias e poder mellorar día a día.
- Lograr que os procesos avaliativos que se realicen sobre as actuacións do centro sirvan para a mellora continua do proceso educativo, o funcionamento e a súa organización.
- Implicar a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, ANPA...) nunha dinámica de revisión e crítica construtiva.

## 9. MEDIDAS PRIORITARIAS

Deseño de medidas de **sensibilización, preventivas, organizativas e curriculares** para favorecer a **convivencia**.

Deseño e organización de medidas de **atención á diversidade**:

- Grupos de adquisición das linguas
- Grupo de adaptación da competencia curricular
- Programas específicos personalizados para alumnado repetidor.
- Programas de reforzo das competencias clave

**Creación de titorías específicas:**

- Para alumnado con descoñecemento das dúas linguas oficiais.
- Para alumnado con desfase curricular significativa.

**Oferta de materias:**

Relixión ou Proxecto Competencial de 1º a 6º

Relixión ou Atención Educativa en Infantil.

## 10. CARACTERÍSTICAS SINGULARES

### 10.1. OFERTA EDUCATIVA.

No noso Centro impártese o 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria de 1º a 6º curso.

Neste curso temos en funcionamento as seguintes unidades.

#### **EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO)**

- 2 unidades de 3 anos (4º Infantil)
- 2 unidades de 4 anos (5º Infantil)
- 2 unidades de 5 anos (6º Infantil)

#### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

- 2 unidades de 1º curso.
- 2 unidades de 2º curso.
- 3 unidades de 3º curso.
- 2 unidades de 4º curso.
- 2 unidades de 5º curso.
- 2 unidades de 6º curso.

É da salientar que no catálogo do centro constan 18 unidades aínda que o colexio está a funcionar con 19.

### 10.2. EDIFICIO E INSTALACIÓNS.

As dependencias do colexio conforman o edificio principal, o edificio de 5º e 6º, a biblioteca, o ximnasio, o pavillón e os patios de recreo.

Edificio principal e edificio de 5º e 6º: planta baixa e primeira planta.

Pavillón, con aseos, vestiarios, almacén e pista.

Patios de recreo. Un patio para 3º e 4º con campo de futbito e de voleiball outro para 5º e 6º de primaria con canchas deportivas. Un patio para Infantil e 1º e 2º de primaria con zona cuberta.

Infantil poderá utilizar calquer patio do Centro xa que sae en diferente horario a primaria.

No conxunto do colexio dispónse de espazos para:

- Despachos:
  - Dirección
  - Secretaría
  - Xefatura de estudos
  - Sala de mestres/as
  - Conserxería
  - Orientación.
- Aseos:

- Para o alumnado: na planta baixa e na 1ª planta dos dous edificios.
- Para o profesorado: na planta baixa e na 1ª planta dos dous edificios.
- Aulas ordinarias:
  - 6 de educación infantil.
  - 13 de educación primaria.
- Aulas específicas:
  - 1 de pedagogía terapéutica
  - 1 de audición e linguaxe
  - 1 de Música
  - 2 de Idiomas
  - 1 de informática
  - 1 laboratorio
  - 1 salón de actos
  - 1 de convivencia
  - 1 de Polos creativos (Pendente de dotación)
  - 1 de Relixión
- Biblioteca
- Comedor
- Ximnasio
- Almacéns de material
- Cuartos de limpeza nos dous edificios.

### 10.3. ESTADO E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS.

Nestes dous últimos cursos realizáronse no Centro melloras importantes coa colaboración do Concello e da Consellería de Educación, quedan pendentes de realizarse algunhas melloras como:

- Arranxo dos baños do pavillón xa que o seu estado non é o adecuado.
- Limpado por fóra das paredes da escola de 5º e 6º.
- Pechado da rede no muro sur e oeste da escola que está moi deteriorado ao igual que a rede divisoria co invernadoiro.
- Cambio ventás no edificio de 5º e 6º (Notificado Consellería e Concello)
- Entrada de auga nas escaleiras do edificio de 5º e 6º polo tellado

Poderán utilizar as instalacións a ANPA, o Concello de Soutomaior e outras organizacións cando dispoñan de autorización do Equipo Directivo, do Consello Escolar e de Xefatura Territorial, para realizar actividades complementarias e/ou extraescolares nos espazos acordados para cada fin.

### 10.4. RECURSOS TECNOLÓXICOS.

Recollidos no DRD do centro e no Plan das TICS.

### 10.5. HORARIOS.

#### 10.5.1. HORARIO CENTRO.

O CEIP Manuel Padín Truiteiro ten un horario de **xornada continuada** de **9:15 a 14:15** horas da seguinte maneira:

ETAPA	HORARIO DA XORNADA
EDUCACIÓN INFANTIL	9:15 – 14:05
EDUCACIÓN PRIMARIA	9:15 – 14:15

A xornada diaria de atención ao alumnado será a seguinte:

- De 7:30 a 9:00 h. PLAN MADRUGA.

A ANPA asume a xestión e posta en funcionamento do **Plan Madruga**, e a empresa que realiza este Plan utiliza o comedor como espazo de acollida e de servizo de almorzos, e o seu horario é dende as 7:30 da mañá ata as 9:00 horas nas que o profesorado de garda recollerá ao alumnado do Plan Madruga.

- De 9:15 a 14:15. Xornada lectiva atendida polo profesorado do Centro.
- De 14:15 a 16:00 atención de comedor escolar.
- De 16:00 a 18:00 horas Actividades Extraescolares organizadas pola ANPA.
- De 16:00 a 18:00 horas apertura da Biblioteca Escolar para toda a Comunidade Educativa.

As **actividades extraescolares** que se desenvolverán durante o curso serán organizadas e xestionadas pola ANPA do Centro. Esta contratará ao profesorado necesario para impartilas, que asumirá a custodia do alumnado participante.

Como norma xeral, as actividades extraescolares terán lugar de 16:00 a 18:00 horas, de outubro a xuño, nas instalacións do centro, de acordo co programa de actividades presentado pola ANPA e aprobado polo Consello Escolar.

A **biblioteca** do centro, permanecerá aberta os luns, mércores, xoves e venres de 16:00 a 18:00 horas. Será atendida por profesorado do centro segundo as quendas que se establezan.

O día común de presenza simultánea de profesorado no centro é os martes pola tarde en horario de 16:00 h. a 18:30 h.

As actividades lectivas desenvolveranse en 5 sesións, un recreo de 30 minutos e a aplicación do plan lector de 20 minutos. O horario do profesorado está regulado pola Orde de 23 de xuño de 2011, na que se especifica que a xornada semanal será de trinta e sete horas e media, das cales dedicaranse trinta horas ás actividades do centro con presenza no mesmo. Das ditas horas, 25 terán carácter lectivo, a razón de cinco horas diarias de luns a venres.

**O alumnado que non utiliza transporte escolar non poderá acceder ao interior do recinto ata dez minutos** antes do comezo das clases ou coa chegada do primer autobús.

Unha vez rematadas as clases, o centro pechará as súas portas despois de saír o último autobús do transporte escolar.

#### **HORARIO DE SECRETARÍA**

**De setembro a xuño** a secretaría permanecerá aberta:

- De 9:15 a 13:30 horas.

**Durante o mes de xullo**, o centro establecerá un horario de atención ao público de luns a venres, segundo se indica:

- Do 1 ao 15 de xullo: 9:30 a 13:00 horas. O resto do mes permanecerá pechado ao público.

Durante o mes de agosto o centro permanecerá pechado.

#### **HORARIO A DISPOSICIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR.**

O uso por parte da comunidade escolar das instalacións do centro estará limitado polo desenvolvemento da actividade lectiva e polo horario do persoal que custodia ditas instalacións. Na súa utilización terá prioridade a ANPA.



A autorización para o uso das instalacións do centro corresponderá á Xefatura Territorial.

No caso de que a ANPA teña previsto realizar algún tipo de actividade extraescolar á parte das que se recollen no apartado 4.4, deberá solicitálo ao Consello Escolar, que resolverá o que proceda.

En caso afirmativo, a ANPA asumirá a responsabilidade íntegra da organización e xestión das actividades que realice, así como, de ser o caso, da custodia das persoas que participen nelas.

#### **10.6. PROFESORADO**

A nosa profesión, a de mestra ou mestre, é unha das máis fermosas do mundo, cunha alta dose de responsabilidade e que implica a necesidade dunha formación permanente e constante para aprender e incorporar novas habilidades e metodoloxías de traballo que respondan sempre ás necesidades do alumnado. Contamos no centro cun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (3 liñas) esta formación é decisiva para que os integrantes do claustro adquiren novas estratexias de intervención metodolóxica e didáctica.

Somos referentes do noso alumnado ao igual que as familias, a nosa actitude é vital, polo que debemos mostrar unha actitude positiva de cara ao día a día.

**Buscamos ser mestras e mestres acompañantes, facilitadores/as do proceso de aprendizaxe do noso alumnado.**

O claustro da nosa escola está formado por un total de 31 mestres e mestras, de educación infantil e primaria, dos cales 27 teñen destino definitivo no centro, 2 son propietarios provisionais, e 2 mestres/as de relixión.

Así mesmo, fóra do horario lectivo, hai un profesor de lingua árabe e cultura marroquí. Estes datos estarán suxeitos á variación dependendo do número de unidades en funcionamento. A estabilidade do cadro de persoal é un elemento diferenciador que favorece a continuidade no labor docente. En xeral, o profesorado está aberto ás innovacións no ámbito pedagóxico e á incorporación de novos recursos nas tarefas didácticas.

#### **10.7. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

Servizos: comedor, transporte, plan madrugada, secretaría, conserxería, limpeza e mantemento das instalacións.

- Actividades Complementarias e extraescolares.

#### **COMEDOR ESCOLAR**

O comedor escolar é da modalidade de xestión indirecta, cunha empresa encargada de dar o servizo de catering. O prazo para solicitar este servizo virá establecido segundo as instrucións que cada ano nos envía a Secretaría Xeral Técnica. O número de prazas está en 120 na actualidade. (Recollido na PXA)

##### **a) Protocolo de comedor**

Existe un protocolo de uso de comedor para facilitar o seu funcionamento, e establecer criterios de actuación, as normas básicas e os roles de cada un dos axentes que interveñen neste servizo.

#### **TRANSPORTE ESCOLAR**

RUTAS E ITINERARIOS. Recollidas na PXA

VIXIANCIA DO ALUMNADO TRANSPORTADO (Recollido nas NOF e na PXA)

#### **PLAN MADRUGADA**

A ANPA asume a xestión e posta en funcionamento do Plan Madruga, e a empresa que realiza este Plan utiliza o comedor como espazo de acollida e de servizo de almorzos, e o seu horario é dende as 7:30 da mañá ata as 9:00 horas nas que o profesorado de garda recollerá ao alumnado do Plan Madruga.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares que se desenvolverán durante o curso serán organizadas e xestionadas pola ANPA do Centro. Esta contratará ao profesorado necesario para impartilas, que asumirá a custodia do alumnado participante.

Como norma xeral, as actividades extraescolares terán lugar de 16:00 a 18:00 horas, de outubro a xuño, nas instalacións do centro, de acordo co programa de actividades presentado pola ANPA e aprobado polo Consello Escolar. Simultaneamente, os luns, mércores, xoves e venres permanecerá aberta a biblioteca do centro, que será atendida por profesorado do centro segundo as quendas que se establezan.

### 10.8. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

O fundamento e xustificación do documento das NOF está no artigo 18 do Decreto 8/2015 no que se fai referencia ás *Normas de Organización e Funcionamento (NOF)*.

Estas normas inclúen as *normas de convivencia* así como a *organización dos espazos e dos tempos, a distribución dos recursos e o reparto de responsabilidades e funcionamento do centro internamente*, para favorecer unha convivencia positiva no noso centro educativo e lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar (artigo 19 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro).

As *normas de convivencia* do noso centro docente, recollidas neste documento *NOF*, están elaboradas con total autonomía, polo propio centro, en función das súas características particulares. **Estas normas son de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa** (artigo 20 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro). O Equipo Directivo levará a cabo as actuacións necesarias para difundilas e, xunto co Claustro e o Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, velará polo seu cumprimento.

### 10.9. LIÑAS PEDAGÓXICAS E DOCUMENTOS CORRESPONDENTES. PLANS DO CENTRO

As liñas pedagóxicas da nosa escola estarán fronte a herdanza de décadas de escola tradicional con metodoloxías memorísticas e actitudes individualistas e competitivas, dende a nosa escola apostamos por poñer en valor a aprendizaxe significativa, a creatividade, a educación emocional, a inclusión, flexibilización do currículo, o traballo en equipo. E esta é a fórmula que rexe este documento.

Ademais a liñas pedagóxicas desenvólvense e concrétanse nos seguintes plans:

#### 10.9.1. Plan de atención á diversidade

Entendemos a diversidade non só como un elemento enriquecedor, senón ademais como unha circunstancia relevante que é preciso ter en conta desde o punto de vista educativo ao planificar e desenvolver os procesos de ensinanza-aprendizaxe. O alumnado que recibe atención educativa nun grupo diverso é máis proclive a desenvolver unha visión máis tolerante cara ás diferenzas e, xa que logo, a defender valores solidarios.

Entendemos así mesmo que se debe fuxir de tendencias homoxeneizadoras, que polo seu propio carácter resultan excluíntes para os alumnos e as alumnas que presentan un perfil que se aparta do ordinario. Polo contrario, é conveniente incorporar as diferenzas, tendo en conta a variedade de capacidades e intereses do alumnado.

A atención á diversidade é un principio fundamental do actual modelo educativo. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convirtan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado, no presente, e de cara ao futuro.

#### 10.9.2. Plan de convivencia

Este documento ten o seu fundamento no *Decreto 8/2015*, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, *de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*.

#### 10.9.3. Plan de acollida ao alumnado estranxeiro

Polas características especiais do alumnado estranxeiro, e seguindo o establecido na ***Orde do 20 de febreiro do 2004, pola que se establecen as medidas de atención específicas ao alumnado procedente do estranxeiro***, o proceso de incorporación ao centro será precedido dun diagnóstico que nos informe das necesidades persoais que o alumno/a reflicte os seguintes aspectos:

- Necesidades sociais
- Necesidades psicolóxicas: autoestima, afectividade
- Necesidades Competenciais:
  - o Lingüística
  - o Cultural
  - o Curricular

Este plan de acollida xustifícase como un documento que regulariza a convivencia e establece como o centro entende que debe ser a entrada do alumnado procedente do estranxeiro, entendido este alumnado como un grupo con NEE, así recollido no noso proxecto educativo e no plano de atención á diversidade.

#### 10.9.4. Plan de acción tutorial

A Orde de 24 de xullo de 1998, que establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional, regula no seu artigo 15 a elaboración e a estrutura do Plan de Orientación, o cal busca garantir que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias.

O Departamento de Orientación do centro elaborará cada curso escolar un plan de orientación e acción tutorial, segundo as liñas xerais que a continuación se indican:

- a) Terá en conta as recomendacións que xurdan da Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.
- b) Establecerá mecanismos para a detección temperá de necesidades educativas especiais no alumnado de educación infantil e educación primaria.
- c) Segundo a avaliación que se realice en cada curso e segundo as propostas da CCP, terá actualizado o Plan de Atención á Diversidade, de maneira que contemple en cada momento a problemática particular do centro. Neste Plan propóranse as medidas curriculares e organizativas que se poidan levar a cabo, os recursos materiais e humanos que se consideran necesarios, os criterios de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio, etc.
- d) Debido ao elevado número de alumnado de procedencia estranxeira que se matricula neste centro, actualízase tamén permanentemente o Plan de Acollida, de maneira que a súa posta en práctica sexa efectiva.

- e) Recollerá as actuacións encamiñadas a promover a convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural e diversa, potenciando o desenvolvemento persoal e emocional.
- f) Establecerá que accións terán máis relevancia respecto á acción titorial e respecto a orientación académica e profesional.

#### 10.9.5. Plan de Igualdade.

No noso Centro está dispoñible para toda a Comunidade Educativa na páxina web do Centro.

#### 10.9.6. Plan de Biblioteca e Plan Lector.

O proxecto lector intenta recoller e integrar todas as intervencións que no centro están destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Intervencións que procuran a adquisición das competencias clave do noso alumnado, especialmente:

- Comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.

Este proxecto recolle un conxunto de estratexias e actividades encamiñadas ao desenvolvemento de forma secuenciada, no alumnado de EI e EP, da competencia lectora na súa globalidade e acadar o obxectivo de formar como lectores competentes a todo o alumnado deste centro.

Entendemos por lector/a competente toda aquela persoa que manifesta, entre outras, esta serie de habilidades:

- Emprega os coñecementos previos para darlle sentido á lectura.
- Dirixe de xeito autónomo a súa lectura: atención, consciencia sobre a comprensión, corrección dos erros...
- Emprega estratexias para acadar a comprensión: revisión, insistencia...
- Distingue o importante do que non o é en función da finalidade da lectura.
- Resume o lido como estratexia de comprensión.
- Realiza inferencias: comprensión de termos polo contexto.
- Realiza preguntas sobre o lido.

Formamos parte do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) e dende a biblioteca da escola iniciamos os nosos Proxectos de Centro nos que participa toda a escola.

Dentro da biblioteca funcionará a Radio Escolar e a TV de Negueirós.

#### Plan Dixital

O plan distingue entre os principais obxectivos:

Obxectivo 1: Continuar co cuestionario para avaliar os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

Obxectivo 2: Facer inventario dos medios TIC na nova aplicación.

Obxectivo 3: Realizar accións formativas en tecnoloxías dixitais.

Obxectivo 4: Manter o uso da Aula Virtual incrementando o uso por parte do profesorado e alumnado ao longo do curso 2023-24.

Obxectivo 5: Fomentar a creatividade do alumnado realizando actividades con tecnoloxías dixitais ao longo do curso 2023-24.

Obxectivo 6: Usar as tecnoloxías dixitais para traballar en grupo ao longo do curso 2023-24.

#### 10.9.7. Proxecto lingüístico

O artigo 14 do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria, establece no seu artigo 14 que cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares.

Os aspectos que debe recoller este proxecto, de acordo coa normativa indicada, son os seguintes:

- Decisión sobre a lingua na que se impartirán as diversas materias.
- Medidas para o alumnado con insuficiente dominio das linguas.
- Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento do galego.
- Consulta ás familias do alumnado de educación infantil para determinar a lingua materna predominante.
- Programas e actividades para para o fomento e dinamización da lingua galega.

#### **10.9.8. Equipo de dinamización lingüística**

O equipo de dinamización da lingua galega terá a composición e as competencias sinaladas na lexislación vixente. O seu coordinador/a será nomeado polo/a director/a do centro e desempeñará as súas funcións durante catro anos, renovables se é o caso.

Cando o/a coordinador/a do equipo cese antes de finalizar o prazo para o que foi designado, o/a director/a nomeará un profesor ou profesora para o tempo que resta de mandato.

A principios de cada curso, o equipo de dinamización da lingua galega elaborará o seu Programa de Actuación Anual, no que figurarán os obxectivos e as actividades que se desenvolverán ao longo do curso e que deberán axustarse ao que se recolle neste Proxecto educativo.

O/a coordinador/a do equipo terá no seu horario a redución de períodos lectivos que sinala a lexislación vixente, sempre de acordo coa dispoñibilidade do centro.

O EDLG deseñará un plan de actividades para desenvolver durante o curso que teña por obxectivo potenciar o emprego do galego no centro.

#### **10.9.9. Plan de actividades complementarias e extraescolares**

Como norma xeral, a realización de actividades complementarias terá lugar dentro do horario lectivo arriba indicado.

Con todo, nas actividades que requiran ampliación do horario (saídas do Centro, realización de visitas, excursións, etc.), este prolongarase en función da programación realizada en cada caso polo correspondente Equipo de Ciclo, Nivel ou Departamento Didáctico.

Dentro das actividades complementarias englobanse: conmemoracións (magosto, samaín, entroido, celebración das Letras Galegas), saídas do centro (visitas a fábricas, empresas, museos, teatros...) viaxe de estudos.

O EACE terá a composición e as competencias sinaladas na lexislación vixente. O seu coordinador/a será nomeado polo/a director/a do centro e desempeñará as súas funcións durante catro anos, renovables se é o caso.

Cando o/a coordinador/a do equipo cese antes de finalizar o prazo para o que foi designado, o/a director/a nomeará un/ha mestre/a para o tempo que resta de mandato.

O/a coordinador/a do equipo terá no seu horario a redución de períodos lectivos que sinala a lexislación vixente, sempre de acordo coa dispoñibilidade do centro.

O EACE deseñará un plan de actividades para desenvolver durante o curso.

## **10.10. OUTROS PLANS E PROGRAMAS.**

### **10.10.1. Programa de ensinanza da lingua árabe e cultura marroquí**

Trátase dun Programa de ensinanza da Lingua Árabe e da Cultura Marroquí, acordado a través dun Convenio establecido entre o Reino de Marrocos, por medio da súa Embaixada, e o Goberno español, por medio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e en colaboración coas CCAA (asinado en 1980 e en vigor dende o 12 de outubro de 1985, BOE 10-10-1985).

O Programa vai dirixido ao alumnado desta nacionalidade e escolarizados en centros públicos españois, de tal xeito que España facilita o acceso deste alumnado aos centros educativos e as aulas e Marrocos facilita o profesorado, necesario para contribuír á súa integración sen perder a súa tradición lingüística e cultural. Tamén pode participar alumnado galego e o profesorado é facilitado por Marrocos.

No noso centro, dentro do conxunto de actividades extraescolares soe incluírse o Programa da lingua árabe e da cultura marroquí que se desenvolve os martes pola tarde, de 16:30 a 17:50 horas.

### **10.10.2. Plan director**

A dirección do centro, conxuntamente con Orientación, analizando a información enviada pola Delegación do Goberno de Galicia cunha proposta de actividades dentro do Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e os seus Contornos, valora solicitar actividades que se consideran interesantes para os distintos grupos.

### **10.10.3. Plan de formación de profesorado do centro**

Estes cursos están recollidos na PXA do Centro, este curso contamos con tres cursos de formación do profesorado, promovidos dende o noso Centro en colaboración CFR de Pontevedra.

### **10.10.4. Plan Proxecta: Monte Vivo, Sustentabilidade e Movilidade**

Está recollido na PXA do Centro.

### **10.10.5. Promoción de estilos de vida saudables**

Está recollido na PXA do Centro.

### **10.10.6. Programas de Innovación Educativa: CP-INCLÚE**

Está recollido na PXA do Centro.

## **10.11. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO**

### **10.11.1. Órganos Persoais.**

#### **EQUIPO DIRECTIVO**

A dirección, xefatura de estudos e secretaría serán os interlocutores entre todos os sectores e membros da comunidade, propiciando a participación e o bo entendemento entre eles.

A normativa referida ao Equipo Directivo recóllese no capítulo IV, artigos 131 ao 139 da LOE (Texto consolidado), e na LOMCE. No artigo 132 enuméranse as competencias do Director/a.

O equipo directivo do centro procurará a participación de todos os estamentos que compoñen a comunidade educativa (familias, alumnado, profesorado, persoal non docente), tanto de maneira directa como a través dos seus representantes democraticamente elixidos. A través desta participación buscarase a colaboración de todos na consecución dos obxectivos comúns e a súa identificación co proxecto educativo.

As competencias de goberno do centro serán asumidas polo Equipo Directivo e o Consello Escolar, cadaquén no ámbito que lle corresponda.

A xefatura de estudos coordinará o funcionamento dos equipos de profesores e profesoras, en tanto que a persoa titular da secretaría terá ao seu cargo o ámbito administrativo da xestión.

#### 10.11.2. Órganos Colexiados.

##### CLAUSTRO DE PROFESORES

O Claustro de profesores/as é o órgano pedagóxico supremo do Centro. Estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no mesmo e presidido polo director/a do centro. No caso de baixa dalgún membro deste profesorado, ocupará o seu lugar a persoa nomeada para substituílo.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro. As súas funcións axustaranse ao establecido no Regulamento Orgánico das escolas de educación Infantil e primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro).

As reunións faranse, polo menos, unha vez ao trimestre, con carácter ordinario, e sempre que o convoque o Director ou o solicite cando menos un terzo dos seus membros. Será preceptiva, ademais unha sesión do Claustro ao principio de curso (despois da avaliación extraordinaria de setembro) e outra ao final (o último día hábil de xuño).

A asistencia aos Claustros convocados é obrigatoria. Cando algún profesor non poida asistir deberá xustificalo ao Director, como mínimo, o mesmo día da convocatoria.

A non asistencia, inustificada e reiterada, será obxecto dun informe por parte do Director, ás autoridades administrativas competentes.

Cando os aspectos por debater sexan relevantes e co fin de axilizar ao máximo as reunións facilitarase o acceso a toda a información dispoñible sobre a orde do día. Intentarase buscar o maior índice de consenso nas decisións que se tomen así como no seu cumprimento.

##### CONSELLO ESCOLAR.

É o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade escolar. A súa composición, atribucións e funcións coa LOMCE quedan recollidas no Capítulo III, artigo 126 e 127.

As competencias do Consello Escolar deben entenderse como complementarias, nunca como antagónicas, coas propias do Claustro de Profesores e das dos órganos unipersoais de goberno.

O Consello Escolar reunirase como mínimo tres veces durante o curso escolar ou se o solicita polo menos un terzo dos seus membros.

Os compoñentes teñen a obriga e o dereito a asistir ás sesións ás que se lles convoque, xustificando anteriormente ao Presidente as razóns da súa non asistencia. O Presidente tentará propoñer horarios de reunión que permita a asistencia da maioría dos compoñentes.

Nas reunións ordinarias o Presidente remitiralles aos membros do órgano colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación suficiente, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión.

Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias.

Dentro do Consello Escolar funcionarán as seguintes comisións:

- Comisión de Convivencia, para tratar temas referentes a asuntos de disciplina ou para o establecemento de actividades extraescolares que poidan aprobarse, así como todas as que considere oportunas. Ten carácter consultivo.
- Comisión de Asuntos Económicos.

Composición: o Director, un mestre ou mestra e un pai/nai, elixidos por cada un dos sectores.

Reunións: mínimo de dúas anuais.

- Comisión de Biblioteca, para facer un seguemento do PLAMBE, propór actividades, coordinarnos coa biblioteca municipal.

Reunións: unha vez ao trimestre.

### 10.11.3. Órganos de Coordinación Docente.

#### EQUIPOS DE CICLO.

Establécense os seguintes Equipos de Ciclo:

- Educación infantil
- 1º ciclo EP
- 2º ciclo EP
- 3º ciclo EP

Están formados polo profesorado que ten titoría no ciclo e por profesorado especialista que se adscribe voluntariamente, procurando que todos os equipos teña un número similar de membros. Cada equipo de ciclo terá un/ha Coordinador/a que terá 1 hora de coordinación, excepto Infantil que terá dúas como marca a normativa.

#### EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na *Programación Xeral Anual*, avaliada polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

#### EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Regulado polo artigo 15 do Decreto 79/2010, do 20 de maio. A finalidade deste equipo é deseñar un plan de actividades, para desenvolver durante o curso, que teña por obxectivo potenciar o uso da lingua galega entre os membros da comunidade escolar e a presenza no ensino da realidade galega: cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc, de acordo co establecido no apartado dedicado ao *Proxecto lingüístico* do centro que se recolle na *Programación Xeral do Centro*.

#### EQUIPO DE BIBLIOTECA

A Dirección do centro designa un Coordinador ou Coordinadora, por un período de catro anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade.



O equipo de apoio á biblioteca estará formado por profesores e/ou profesoras dos diferentes niveis existentes no centro, que traballarán en coordinación co responsable da biblioteca.

A Xefatura de Estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os seus horarios, nos cales quedará recollida a súa participación neste servizo.

A coordinación do equipo é continua, dentro ou fóra do horario adicado á permanencia da biblioteca. A reunión conxunta de todo o equipo da biblioteca celébrase cando o estimen oportuno.

As súas función e composición quedan recollidas no Plan de Biblioteca.

#### EQUIPO DINAMIZACIÓN DAS TICS

A Dirección nomeará unha persoa responsable, que priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria, actuará baixo a coordinación de Xefatura de Estudos para levar adiante a dinamización no eido das novas tecnoloxías e apoiar o profesorado nas dificultades que vaia atopando neste campo.

#### EQUIPO DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL

O equipo de dinamización do Plan Dixital estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou membro do equipo de dirección na que delegue, outro membro do claustro que actuará como coordinador/a e no seu caso as persoas que se designen a tal efecto.

As funcións da persoa coordinadora están recollidas na **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.**

#### DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O departamento de Orientación colabora co Equipo Directivo no deseño de accións educativas e toma de decisións así como na relación cos pais/nais.

A súa composición e funcións quedan recollidas no Plan de Orientación.

Coordinadora: Será a Xefa do Departamento.

Reunións: unha reunión mensual fóra do horario lectivo. A asistencia é obrigatoria. Levantarase acta das incidencias ou asuntos relacionados coa orientación.

A segunda semana de cada mes adicarase ao estudo, análise e avaliación de todo o alumnado de NEE e só se reunirán o Xefe do Departamento de Orientación e o profesorado de PT e AL.

Así mesmo, un día á semana, faranse as intervencións que se consideren precisas no centro de E. Infantil de Romariz (adscrito ao CEIP).

#### FUNCIÓNS DA XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

(Artigo 7º Decreto 120/1998, do 23 de abril e artigo 11 da orde do 21 de xullo).

#### EN MATERIA DE CONVIVENCIA

(DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, *de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*).

## COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

É o órgano de coordinación dos diferentes equipos.

**Composición:** o Director, que será o presidente, a Xefa de Estudos, o Coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística, a Coordinadora da Biblioteca, a profesora de apoio a alumnos con necesidades educativas especiais, a profesora de audición e linguaxe, os coordinadores/as de nivel de Educación Primaria e a coordinadora de Educación Infantil. Actuará como secretario un membro da Comisión, designado polo/a Director/a, oídos os distintos membros.

As súas competencias están recollidas no R.O.C publicado como anexo ao decreto 374/1996, do 17 de outubro.

### 10.11.4. Asociacións de nais e pais.

No Centro existe unha asociación de nais e pais de alumnos, de acordo co establecido no artigo 105, título VI, do Decreto 374/1996 e o regulado no apartado 3º, capítulo VII, da Orde do 22 de xullo de 1997.

Esta asociación terá, entre outras, as seguintes competencias:

- a. Elevarlle propostas ao consello escolar para a elaboración do proxecto educativo, modificación do regulamento de réxime interno, e ao equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.
- b. Informar ao consello escolar daqueles aspectos da marcha do centro que consideren oportuno.
- c. Informar aos asociados da súa actividade.
- d. Recibir información, a través dos seus representantes no consello escolar, sobre os temas tratados nel.
- e. Elaborar informes para o consello escolar a iniciativa propia ou a petición deste.

## 10.12. EDUCACIÓN INFANTIL

Na aprendizaxe en Infantil vai primar o respecto aos ritmos de desenvolvemento e ás etapas de desenvolvemento individuais e de etapa. Unha metodoloxía manipulativa, de observación, experimentación, colaborativa, de expresión, emocional, etc.

Contan cun aula de Psicomotricidade habilitada para eles e elas e unha zona da biblioteca do Centro exclusiva para Infantil.

### 10.12.1. Criterios e agrupamentos en Educación Infantil.

A distribución dos alumnos/as ao chegar ao centro farase tendo en conta as seguintes premisas, co fin de mellorar a organización educativa:

- Orde alfabética, tendo en conta a non repetición dos nomes das/os nenas/os.
- Lingua materna.
- Reparto na igualdade de sexos
- Reparto adecuado para respectar unha maior atención aos alumnos de NEEAE
- Distribución consecuente respecto da opción relixión- atención educativa.
- En caso de xemelgos/as, terase en conta a opinión das familias.
- Reparto equitativo por data de nacemento.

### 10.12.2. Medidas pedagóxicas para o periodo de adaptación.

## OBXECTO

Procurar unha boa acollida para o alumnado de nova incorporación, co fin de que a súa integración no centro sexa o máis doada, agradable e rápida posible.

## ALCANCE

Tódolos alumnos e alumnas que se incorporan ao centro cada curso escolar.

## MISIÓNS E RESPONSABILIDADES

### Director/a

Coordinar co departamento de orientación a oferta educativa da que dispoñemos na páxina web do Centro, e as reunións e visitas programadas ao noso centro das familias e das/os alumnas/os.

Xestiona-la información, reunión e visita programada ao noso centro das/os nais/pais e das/os alumnas/os.

### Departamento de Orientación

Planificar a información, reunión e visita programada ao noso centro das familias e o alumnado e colaborar coa dirección no deseño da difusión da oferta educativa da escola.

### Titores /as

Asistir á reunión e visitas programadas, ao noso centro, por parte das familias e alumnado.

Entregar e recoller cuestionarios individuais a cada familia antes da recepción do grupo de alumnos.

Recepción dos alumnos de forma progresiva.

## PROCESO

- Publicar na páxina web a oferta educativa e as datas de matrícula.
- Xornada de portas abertas ( febreiro e marzo)
- Reunión programada cos pais/nais ou titores legais no Centro, durante o mes de maio ou xuño, previos á escolarización.
- Publicar listaxe de materiais didácticos para o alumnado.
- Incorporación progresiva de grupos reducidos.
- Entrevistas iniciais e recollida da documentación necesaria para a/o titor/a, durante o mes de setembro.

### **10.12.3. Criterios para a planificación dos espazos.**

Responder ás necesidades dos nenos/as para facilitar o seu desenvolvemento e aprendizaxe.

#### TIPOS DE ESPAZOS:

SERVIZOS: Dotados de xabón, papel hixiénico e toallas de refugallo. En 4º e 5º de Infantil están dentro da aula.

SALA DE PSICOMOTRICIDADE: Sala que serve de complemento para diversas actividades.

AULAS: Organizadas en función das actividades, xogos e intereses dos nenos/as. As actividades que se levan a cabo poden ter carácter colectivo ou individual segundo a natureza da tarefa e dependendo da actividade o neno/a atoparase no recanto- espazo que lle corresponde.

PATIO RECREO: espazo cuberto, pistas deportivas e patios de terra do Centro.

#### CRITERIOS

Os criterios basearanse en:

- Necesidades afectivas
- Necesidade de autonomía

- Necesidade de movemento
- Necesidade de socialización
- Necesidade fisiolóxica
- Necesidade de descubrimento, exploración e coñecemento.

#### 10.12.4. Criterios para a planificación do tempo.

- Responder á consecución das intencións educativas
- Desenvolver de maneira ordenada as actividades segundo unha orientación antes-despois.

O tempo débese caracterizar por ser:

- Flexible
- De calidade: actividades atractivas para o alumnado
- Ritmo: repetición constante e da mesma maneira dos feitos, e dicir, tempo secuencial, rítmico e constante: asemblea, actividades, recreo, merenda e actividades.

Os criterios baséanse en:

- Necesidades fisiolóxicas
- Pautas sociais
- Ritmos que diferencien distintos momentos do día
- Respectar a globalidade do neno/a
- Tempo para xogar
- Destacar os espazos que corresponden a actividades fixas.

O agrupamento dos alumnos de infantil basearase nos seguintes aspectos:

- Mixto
- Flexible
- Cooperatividade na aprendizaxe, favorecendo a inclusión.

### 10.13. EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumnado dispón da súa aula de referencia e de varios espazos habilitados para desenvolver proxectos, retos ou as tarefas que se propoñen. Ademais calquer espazo da escola pode ser válido para desenvolver actividades (corredores, entradas, patio)

Contan cun ximnasio para 1º e 2º e un pavillón de deportes para 3º, 4º, 5º e 6º, a biblioteca, aulas de Inglés, laboratorio, aula TIC, aula de música.

#### OS TEMPOS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Competencia Lingüística: incídese de xeito especial na expresión oral: expresión, intervencións en público, debates, etc. Realízanse nas tres linguas que estudamos.
- O traballo individual ou colectivo dirixido polo profesorado, propóñense retos, tarefas, actividades que persiguen un obxectivo.
- Tamén contamos cun tempo para o traballo libre, a través dun descubrimento guiado polo profesorado como facilitador da información. Unidades de Investigación e Coñecemento, Proxectos.

- Tempo para o xogo, temos unhas zonas exteriores maravillosas onde temos espazos naturais e pistas de xogo, (baloncesto, volei e fútbol) Tentamos iniciar un plan para diversificar o tempo de xogo e evitar que o fútbol monopolice este tempo. Hoxe en día só se pode xogar un día á semana.

En 3º e 4º contan con xogos de diversas modalidades, xerando así novas dinámicas de xogo, diversas e inclusivas.

Extenderemos esta iniciativa a 5º e 6º.

No patio de 1º e 2º contan con xogos pintados no chan da pista.

#### **10.13.1. Criterios e agrupamentos en Educación Primaria.**

A distribución dos alumnos/as ao empezar a E. Primaria farase tendo en conta as seguintes premisas, co fin de mellorar a organización educativa:

- Manter unha reunión coas mestras/es de E. Infantil e tomar as decisións sobre a distribución do alumnado nos grupos de 1º
- Reparto na igualdade de sexos
- Reparto adecuado para respectar unha maior atención aos alumnos de NEEAE
- As/Os nenas/os que se matriculan por 1ª vez no noso Centro e veñen do Centro adscrito teremos en conta a opinión da mestra da escola de EEI de Romariz.
- Distribución consecuente respecto da opción relixión- atención educativa, alumnado inmigrante.
- En caso de xemelgos/as, terase en conta a opinión das familias.
- En caso de que se precise, faranse cambios de aula por razóns pedagóxicas e/ou organizativas, ao longo da escolaridade de dito alumnado.

#### **10.13.2. Criterios para a planificación dos espazos.**

Responder ás necesidades dos nenos/as para facilitar o seu desenvolvemento e aprendizaxe.

#### **10.13.3. Criterios para a planificación do tempo.**

Responder ás necesidades dos nenos/as para facilitar o seu desenvolvemento e aprendizaxe.

## **11. FINS E INTENCIONS EDUCATIVAS.**

### **11.1. REFERIDOS AO ALUMNADO.**

- Fomentar a comunicación e o diálogo como medio para chegar a acordos dentro do grupo, aula e centro educativo tanto a nivel escolar como de convivencia.
- Facilitar e potenciar a participación en tarefas que afecten ao grupo no que se desenvolven tanto no contexto de aula como naquel outro de convivencia cos demais membros da Comunidade Educativa (patio, biblioteca, comedor...)
- Mellorar a autoestima tanto individual como en grupo fomentando a confianza en si mesmo como persoa e tamén a confianza no grupo .
- Valorar e insistir na valoración do contorno, tratando de que coñezan e aprecien a súa realidade cultural, social e natural
- Fomentar o respecto e valoración doutras realidades distintas á nosa, tanto lingüísticas como culturais, sociais e naturais.
- Coidar, respectar e manter en bo estado todo tipo de material escolar, fundamentalmente se é de todos/as. Isto mesmo coas instalacións e lugares do centro

educativo.

- Inculcar hábitos relacionados coas normas básicas de educación e respecto a un mesmo e aos demais, tales como hábitos hixiénicos, alimenticios, de cortesía...
- Mellorar a competencia académica do alumnado do centro, fundamentalmente nas técnicas instrumentais e desenvolver actitudes que incidan no seu enriquecemento persoal e académico (deporte, hábitos de lectura, coidado e respecto pola natureza, curiosidade en torno ao que o rodea...)
- Desenvolver a capacidade de opinar ante o grupo con argumentos razoados e coherentes
- Desenvolver un espírito crítico e a capacidade de análise que lles axude a manter actitudes positivas e rexeitar as negativas tendo en conta as posibles consecuencias.

#### 11.2. REFERIDOS AO PROFESORADO.

- Manter un clima de traballo agradable no que todas as opinións sexan escoitadas e valoradas para chegar a acordos consensuados
- Colaborar nos traballos comúns do centro, procurando que a distribución dos mesmos non leve a sobrecarga dun/ha compañeiro/a sobre outro/a.
- Levar a cabo un labor coordinado que incida na mellora da calidade educativa e profesional.
- Estimular a autoformación no centro
- Posta en funcionamento do plan de dinamización da biblioteca
- Analizar e pór en común co equipo de profesionais correspondente, as necesidades educativas de xeito que deamos entre todos unha resposta eficaz ás mesmas
- Facilitar a integración no seo da Comunidade Educativa de todos os seus membros
- Velar porque todos os nenos e nenas estean integrados no seo do seu grupo natural, sen que haxa lugar a ningún tipo de discriminación en ningún lugar do centro
- Planificar, programar, adaptar... de xeito que contribuíamos á mellora da calidade educativa e promoción persoal e académica dos nosos/as alumnos/as
- Transmitir códigos de conduta democrática
- Adquisición de material para as distintas áreas, aulas e departamento de Orientación.

Ademais cada titor/a realizará as seguintes funcións:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación, coordinadas conxuntamente coa xefatura de estudos.
- Proporcionar ao alumnado e ás familias, información documental ao inicio de curso (horarios, calendario escolar, etc.)
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ao resto do equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- Manter actualizada a bitácora de aula dixital dende onde as familias poden informarse diaria ou semanalmente das tarefas e evolución da aula non distintos ámbitos académicos.

- Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais e nais ou titores e titoras legais.
- Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
- Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- Exercer, de acordo co Proxecto Educativo e a concreción curricular do centro, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras e á xefatura de estudos.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.

### 11.3. REFERIDO ÁS FAMILIAS

- Transmitir dende o centro o significado de Comunidade Educativa e a pertenza á mesma deles
- Facilitar a súa asistencia ao centro coa finalidade de realizar tarefas comúns que incidan na mellora do funcionamento
- Atender as propostas dos pais a través do Consello Escolar e da ANPA fomentando o diálogo como medio ideal na resolución de dificultades
- Motivar e intensificar a colaboración en actividades complementarias e extraescolares, partindo sempre do criterio de que estean abertas á participación de todo o alumnado do centro.
- Actuar de mediadores nas relacións dos pais e nais con outras institucións brindándolles a información que teñamos ao noso alcance (Becas, Servizos sociais...)
- Manter contactos con eles a través de reunións globais, titorías, atención individualizada e notas informativas
- Continuar mantendo coordinacións pais- titores coa finalidade de establecer pautas comúns de actuación con respecto aos nenos e nenas

### 11.4. LINGUA ESTRANXEIRA. SECCIÓNS BILÍNGÜES.

As seccións bilingües regúlanse pola Orde do 12 de maio de 2011. Son a organización do ensino nunha área ou materia non lingüística, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos/alumnas dun xeito bilingüe: na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira (inglés) que é impartida como área ou materia a eses grupos de alumnos/as.

A avaliación e promoción do alumnado axustarase en todos os casos aos procedementos establecidos na normativa vixente con carácter xeral. Ao remate de cada curso o alumnado que sexa cualificado positivamente na área ou materia obxecto da sección bilingüe, recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou na sección bilingüe, que se fará constar mediante dilixencia no seu historial académico.

Poderá acceder ás seccións bilingües o alumnado matriculado en calquera dos cursos das etapas que se imparten no centro. A etapa na que se desenvolverán as Seccións Bilingües é a da Educación Primaria, en 5º e 6º curso. A área implicada e a de Educación Artística e a materia correspondente é a de Plástica. O noso centro pertence a rede de SECCIÓNS BILÍNGÜES.

## 12. CONCRECCIÓN CURRICULAR.

### 12.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO E ÁS NECESIDADES DO ALUMNADO.

Ver Programacións anuais. Publicadas na web do centro.

### 12.2. DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS.

Materias	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego
Sociais	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego
Naturais	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego
Matemáticas	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Lingua estranxeira	Inglés	Inglés	Inglés	Inglés	Inglés	Inglés
E.Física	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego
E. Plástica	Galego	Galego	Galego	Galego	Inglés	Inglés
E. Musical	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Relixión	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Proxecto Competencial	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Valores Sociais e Cívicos						Galego

### 12.3. ORIENTACIÓNS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA.

Dende o curso 2019-2020 no noso Centro temos un Plan de Mellora da Metodoloxía, estamos instaurando a **metodoloxía do “Traballo Cooperativo”** dende Educación Infantil ata 6º de Primaria.

Ademais as nosas propostas educativas terán en conta aspectos referidos ao profesorado, ao alumnado, á adquisición de competencias, e ao uso dos recursos:

- Implicando ao alumnado na súa aprendizaxe para que acade o máximo desenvolvemento das súas capacidades e motivar o desexo de aprender. Buscando cada ano nenas/os máis autónomos.
- Priorizando o papel do profesorado como facilitador do descubrimento guiado e deseñador de diversidade de situación de aprendizaxe que respecten os diferentes ritmos.
- Organizando o tempo e o espazo de maneira flexible de acordo ás necesidades dos alumnos/as e ao seu proceso de aprendizaxe.
- Destacando a interacción entre iguais como estratexia de aprendizaxe e combinar o traballo individual e colaborativo no deseño das actividades: Traballo por proxectos e traballo cooperativo.
- Impulsando propostas globais e/ou interdisciplinares e propoñer tarefas que integren os coñecementos de todas as áreas e/ou disciplinas, buscando a transversalidade.
- Potenciando a integración das TIC no currículo.



- Considerando as competencias clave como aprendizaxes imprescindibles para a cidadanía.
- Utilizando diversidade de recursos didácticos e aproveitando as posibilidades do entorno (institucións, oferta socioeducativa...)

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe dos nosos alumnos dentro do proceso de ensino. Por iso cremos oportuno que o alumno sexa protagonista activo do seu proceso de aprendizaxe, proporcionándolle os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

- Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese)
- De forma globalizada o máximo posible, sobre todo en E. Infantil e secuencializada de forma gradual.
- Buscarase unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística.

Por tanto a nosa metodoloxía será:

Activa  
 Participativa  
 Individualizada  
 Cooperativa  
 Socializadora  
 Potenciadora da autoestima e do éxito  
 Así como motivadora.

Todo iso encamiñado a conseguir que os nosos alumnos sexan:

Responsables  
 Autónomos  
 Sociables  
 Tolerantes  
 E que aprendan a vivir en sociedade, respectando as diferenzas relixiosas, sexuais, lingüísticas, etc.

#### 12.4. CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE.

*“Competencias clave: desempeños que se consideran imprescindibles para que el alumnado pueda progresar con garantías de éxito en su itinerario formativo, y afrontar los principales retos y desafíos globales y locales. Las competencias clave aparecen recogidas en el Perfil de salida del alumnado al término de la enseñanza básica y son la adaptación al sistema educativo español de las competencias clave establecidas en la Recomendación del Consejo de la Unión Europea, de 22 de mayo de 2018 relativa a las competencias clave para el aprendizaje permanente.”*

Para o efecto do decreto as competencias clave son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia Plurilingüe (CP)
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)
- Competencia dixital (CD)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Debe potenciarse o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

A contribución de cada materia ao desenvolvemento das competencias claves pódese contemplar dende un dobre enfoque.

En primeiro lugar, **resaltando aqueles aspectos das competencias** que poden ser desenvolvidos. E, en segundo lugar, **dende a óptica dos criterios de avaliación como referentes fundamentais**.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A adquisición dunha competencia clave supón: a adquisición de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamentos que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Caracterízanse pola súa transversalidade, dinamismo xa que non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que vanse desenvolvendo e van adquirindo maiores niveis de desempeño, o seu carácter integral, debe abordarse dende todas as áreas de coñecementos.

**As competencias clave deben de estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares. E estarán recollidas nas programacións de nivel e de área (especialidades).**

**COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL):** é a habilidade para expresar ou interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita, para interactuar lingüisticamente dun xeito axeitado. Mediante esta competencia o alumnado pode expresar as súas propias vivencias, falar de comportamentos e establecer vínculos co seu ámbito. Adquirir esta competencia supón o uso eficaz da lingua en contextos múltiples, orais e escritos, e o uso funcional da lingua estranxeira (inglés)

Finalidade: supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Utilizar a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregar de forma funcional a lo menos unha lingua estranxeira.

Contribución da CL ás distintas áreas, está recollida nas Programacións de nivel e de área.

**COMPETENCIA PLURILINGÜE (CP):** define a habilidade de empregar diferentes linguas de xeito adecuado e efectivo para a comunicación. Basease na habilidade de comprender, expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de xeito oral e escrito en diversos contextos sociais e culturais.

Finalidade: suón que o alumnado entenda mensaxes orais para iniciar, manter e concluir conversas e ler, entender e producir textos adecuados ao seu nivel nas diferentes linguas.

Contribución da CP ás distintas áreas, está recollida nas Programacións de nivel e materia.

**COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA (STEM):** é a habilidade para utilizar e relacionar os símbolos, os números, as súas operacións básicas, e as formas de expresión e razoamento matemático: para producir e interpretar diferentes tipos de información, para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

Utilizar espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información para resolver problemas de situacións cotiás e tomar decisión.

Contribución da STEM ás distintas áreas, está recollida nas Programacións de nivel e de área.

**COMPETENCIA DIXITAL:** entraña o uso seguro e crítico das TIC'S para o traballo en clase, avaliar, almacenar, producir, presentar ou intercambiar información, tamén atende á diversidade de necesidades e realidades do usuario.

Finalidade: Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

Facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.

Avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.

Ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información contrastándoa actuando é necesario e respectar as normas de conduta acordadas socialmente.

Contribución da CD ás distintas áreas, está recollida nas Programacións de nivel e de área.

**COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER (CPSAA):** é a habilidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, leva consigo ser consciente do propio proceso de aprendizaxe e das necesidades de aprendizaxe de cada un, determinar as oportunidades dispoñibles, adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades, buscar orientacións e facer uso delas.

Esta competencia fai que o alumnado se apoie en experiencias vitais e coas aprendizaxes adquiridas os poida aplicar a novos coñecementos e capacidades en diversos contextos como na vida privada, profesional, educación e formación.

A motivación e a confianza son cruciais para a adquisición desta competencia.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

Xestionar e controlar as súas propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou autonomía persoal Inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade cooperar, de autoavaliarse e manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo isto desenvolvido a través de experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes tanto individuais coma colectivas.

Contribución da CPSAA ás distintas áreas, está recollida nas Programacións de nivel e de área.

**COMPETENCIA CIDADÁ (CC):** esta competencia prepara as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional, especialmente en sociedades cada vez máis diversificadas e para poder resolver conflitos dunha forma eficaz.

Prepara as persoas para participar plenamente na vida cívica grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas, ao compromiso de participación activa e democrática. Para un bo coñecemento do funcionamento social favorecendo a educación en valores e actitudes positivas de apertura e acollida cara a todas as persoas independentemente da súa raza, cor, sexo ou situación persoal.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

Comprender a realidade social na que vive.

Afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores éticos e prácticas democráticas.

Exercer a cidadanía actuando con criterio propio.

Contribuír á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

Contribución da CC ás distintas áreas, está recollida nas Programacións de nivel e de área.

**COMPETENCIA EMPRENDEDORA (CE):** enténdese a habilidade das persoas para transformar as ideas en actos. Desenvolver a creatividade, a innovación e asunción de riscos, así como coa habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Ser conscientes do contexto no que se desenvolve o seu traballo e ser capaces de aproveitar as oportunidades.

Finalidade: Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

Imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico. Chegar a acadar unha serie de calidades e habilidades persoais, sociais e de dirección e liderado.

Contribución da CE ás distintas áreas, está recollida nas Programacións de nivel e de área.

**COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC):** apreciación da importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios, incluídos a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas.

Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e consideralas como patrimonio dos pobos.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

Ter adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas.

Aplicar habilidades de pensamento diverxente e traballo colaborador.

Adoptar unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.

Mostrar interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

Contribución da CCEC ás distintas áreas, está recollida nas Programacións de nivel e de área.

**A CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE ESTÁ RECOLLIDA DE XEITO MÁIS PORMENORIZADA EN CADA UNHA DAS PROGRAMACIÓNS DE NIVEL E MATERIA.**

## **12.5. TRATAMIENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES.**

### **12.5.1. Educación en Valores.**

As accións previstas neste apartado incluíranse no Plan de Convivencia do centro.

A área aborda tanto os aspectos de desenvolvemento persoal do individuo coma as facetas sociais e colectivas que conducen á adquisición de valores universais.

Neste sentido oriéntase cara aos seguintes fins:

- Desde o punto de vista do desenvolvemento persoal.

Capacitar o alumno para construír un autoconcepción axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade e sen violencia, respectando a pluralidade do entorno.

- Desde o punto de vista social.

Inducir ao alumno/a á empatía, ao respecto, á tolerancia e a inclusión das outras persoas para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

- Desde o punto de vista dos valores universais.

A área busca estimular nos alumnos as actitudes que propicien a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade comprendendo a realidade social, para que aprendan a resolver conflitos de forma reflexiva, a dialogar para mellorar, a respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

#### 12.5.2. Elementos transversais.

Os elementos básicos do currículo estableceron unha serie de elementos transversais que deben traballarse en todas as materias:

Comprensión lectora, expresión oral e escrita

Comunicación audiovisual e TIC

Emprendemento Educación cívica e constitucional.

#### **OBXECTIVOS CURRICULARES TRANSVERSAIS**

a) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

b) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

c) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

d) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

e) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo- sexual.

f) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

#### **ACTIVIDADES CURRICULARES TRANSVERSAIS**

Comprensión lectora: traballar con láminas a lectura para lograr a súa comprensión e posterior reflexión mediante preguntas de tipo afirmativo e negativo.

Expresión oral e escrita: sobre a lámina facer unha descrición do que observan e posterior posta en común dentro do grupo- clase.

Comunicación audiovisual: uso axeitado do encerado dixital, actividades online que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas .

Emprendemento: traballaremos a resolución de conflitos a través da posta en común, videos, charlas...

### 13. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

As programacións realizaranse na aplicación PROENS, polo tanto, desenvolveranse todos os apartados que alí aparecen.

#### 13.1. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS INFANTIL E PRIMARIA.

Introdución

Obxectivos e a súa contribución as CC

Relación de unidades didácticas

Distribución currículo nas unidades didácticas

Avaliación das unidades didácticas

Concrecións metodolóxicas

Materiais e recursos didácticos

Procedementos para a avaliación inicial

Criterios de cualificación

Medidas de atención a diversidade

Concreción dos elementos transversais

Actividades complementarias

Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

Procedementos de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Teremos en conta á hora de realizar os apartados anteriores o seguinte:

- As características socioculturais, económicas da zona onde está ubicada o Centro.
- Tipoloxía do alumnado
- Coherencia e continuidade entre as etapas de Infantil e Primaria.
- Consensuar co Departamento de Orientación unha avaliación continua, global e sumativa, cunha referencia sempre coordinada na valoración do grao de adquisición das competencias básicas.
- Introducir e coordinar co resto do profesorado a inclusión nas programacións didácticas das estratexias metodolóxicas referidas no PE do CEIP P. De Meaño-As Covas.
- Adecuar os obxectivos de cada etapa tendo en conta a tipoloxía do alumnado.
- Priorizar obxectivos e contidos en función de cada situación concreta.
- Diseñar contidos que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas, de ser preciso facer unha ampliación horizontal dos contidos.
- Favorecer un clima integrador, educativo positivo e facilitador.
- Establecer normas de convivencia para potenciar as relacións baseadas no respecto mutuo e a participación activa de todos na dinámica do Centro.
- Priorizar obxectivos de interrelación persoal.
- Adecuar a organización para que outro profesorado interactúe na programación do mestre/a.
- Seleccionar e adaptar materiais didácticos.
- Priorizar obxectivos referentes á mobilidade, comunicación e relación.
- Diversificar obxectivos e contidos. Establecer contidos nucleares e outros complementarios.
- Unificar criterios, instrumentos e procedementos de avaliación co resto do profesorado de ciclo. Liña de acción conxunta no referente á avaliación.

- Respetar o procesos de desenvolvemento e evolución acordes á idade madurativa do alumnado.

## 14. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As accións previstas neste apartado incluíranse no Plan de Atención á Diversidade do centro.

## 15. AVALIACIÓNS.

O proceso de ensinanza- aprendizaxe require ser avaliado para comprobar que imos ben no camiño e que podemos acadar os obxectivos propostos. Na avaliación debemos avaliar tamén o proceso educativo e a nosa labor docente, non só se debe avaliar ao alumno/a.

Enfocaremos a avaliación dende o traballo por competencias tal como establece a LOMLOE

Avaliaremos:

- O alumnado e todos os aspectos que lle competen.
- Avaliación da práctica docente para a mellora na metodoloxía, recursos, etc.

Tomaremos por tanto, os documentos legislativos vixentes en materia de avaliación. A avaliación estará integrada no proceso de ensino-aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula e do centro sendo punto de referencia para valorar o progreso do alumnado, a mellora do proceso educativo e a adopción de medidas de atención á diversidade.

A orde de avaliación que guía a nosa práctica docente así como a metodoloxía acordada establece os seguintes aspectos:

- O profesorado debe empregar procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado. Estas ferramentas variadas serán parte fundamental para mellorar a calidade da educación.
- Será preciso integrar ferramentas e estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, tales como a coevaluación, a avaliación entre iguais e a autoavaliación. O alumnado debe ser partícipe deste proceso. Debemos informalos para que reflexionen sobre as súas dificultades e fortalezas.
- Empregaremos procedementos de avaliación que permitan a mobilización dos coñecementos, habilidades, actitudes e valores en relación coa resolución de problemas en contextos reais.

Faise necesario o emprego de varios procedementos, estratexias e ferramentas de avaliación.

- ESTRATEXIAS DE AVALIACIÓN
  - Plan de acción que valora a aprendizaxe do alumnado.
  - Recoñecer avances, identificar interferencias e realizar unha intervención específica no proceso de aprendizaxe.
- TÉCNICAS DE AVALIACIÓN
  - Procedemento empregado polo profesorado para obter información sobre as aprendizaxes adquiridas.
- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
  - Recursos empregados para rexistrar a información a cerca das aprendizaxes do alumnado e da práctica docente.

Os distintos procedementos de avaliación serán: a observación sistemática do alumnado, as evidencias de logro a nivel oral e escrito, o portfolio, os protocolos de rexistro, os traballos de clase, etc, permitirán a integración de todas as competencias en un marco de avaliación coherente.

As ferramentas de avaliación estarán establecidas en torno a rúbricas de traballos concretos de aula e variadas producións que permitan valorar os distintos niveis de desempeño do alumnado, gravacións en video, pequenas probas escritas e orais, exposicións, maquetas, escalas de observación, cadernos de equipo etc...

Todas estas ferramentas establecerán os CRITERIOS PARA ESTABLECER A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO, que NUNCA poderá ser en base a unha única ferramenta establecendo nas programacións didácticas o peso concreto de cada ferramenta.

Queremos que conste tamén de xeito explícito que de ningunha maneira o comportamento do alumnado formará parte do proceso de avaliación nin da súa cualificación.

A avaliación debe ser sumativa, nunca punitiva. O comportamento como tal non é avaliábel e o profesorado ten a obriga de dotarse de ferramentas e estratexias metodolóxicas que lle permitan xestionar a clase con éxito e garantías.

Con todo o anteriormente dito descartamos a idea e o feito de asociar e limitar a avaliación do alumnado á realización dunha proba escrita.

Realizaremos unha avaliación ampla, que teña en conta os ritmos individuais dos nenos e nenas e baseada en distintos instrumentos avaliativos (rexistros, observación directa, rúbricas, cadernos de observación, portfolios, escalas de valoración...) variados tal e como establece a lexislación vixente.

Ao final do trimestre realizaremos sesións de avaliación onde se porá en común e se debatirá a evolución de cada alumno/a analizando os resultados...

Exporanse os resultados das rúbricas sobre competencias clave, de aprender a aprender, traballo en grupo; estándares concretos avaliados e as listas de observación ou de cotexo realizadas.

### 15.1. CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.

#### LEXISLACIÓN PARA INFANTIL E PRIMARIA

- **ORDE do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

A promoción do alumnado de Primaria está recollida na Orde nomeada anteriormente. Artigo 24

Para realizar a avaliación téñense en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

### 15.2. AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL.

A avaliación en Educación Infantil queda recollida nas Programacións Didácticas elaboradas ao principio de curso, tendo en conta a Orde do 30 de maio de 2023.

Os aspectos xerais da avaliación dos nenos e nenas en Educación Infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora.

Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares por parte dos profesionais da educación.

Propóñense cuestionarios para:

AVALIACIÓN INICIAL:



- Cuestionario para a entrevista inicial coas familias.
- Pautas de observación para o período de adaptación.
- Ficha de avaliación inicial en tres, catro e cinco anos. (Segundo modelo da aplicación XADE)

#### AVALIACIÓN CONTINUA:

- Avaliación ao final de cada unidade didáctica ou proxecto.
- Fichas de avaliación continua trimestral, ao final de cada trimestre.

#### AVALIACIÓN FINAL:

- Avaliación final de nivel, para o expediente individual do centro.
- Avaliación final de ciclo. (Segundo modelo da aplicación XADE)

### 15.3. AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA.

A avaliación queda recollida nas Programacións Didácticas elaboradas a principio de curso por cada nivel.

Os aspectos xerais da avaliación serán os seguintes:

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados na programación didáctica á hora de obter a cualificación final do alumno/ alumna reflectirase nas programacións anuais en función dos niveis e especialidades.

Empregaranse os documentos oficiais de avaliación.

### 15.4. PLAN ESPECÍFICO PARA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

#### **Segundo a ORDE 8 de setembro de 2021 artigo 50**

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## 16. ESTRATEXIAS E COORDINACIÓNS ENTRE ETAPAS E NIVEIS.

A coordinación entre as etapas e os niveis quedará reflectida a través das reunións entre os diferentes órganos de goberno da comunidade educativa, nas reunións establecidas na Programación Xeral Anual.

## 17. AVALIACIÓN DO P.E.

O procedemento inclúe un inventario de indicadores. Dos resultados anotaranse todas as alternativas que xurdan para a mellora do proxecto.

	SI	NON	EN PARTE
Inventario de indicadores para a valoración do proxecto educativo docente			
1. O PE é un claro reflexo da identidade do centro			
2. O PE responde ás necesidades do entorno e do alumnado			
3. O PE responde ás intencións educativas actuais			
4. O PE é suficientemente coñecido pola comunidade educativa			
5. As finalidades son compartidas			
6. A revisión do PE está organizada e parte da experiencia compartida			
7. O documento do PE respecta a estrutura proposta polo Regulamento orgánico			
8. Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica			
9. Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PE			
10. Coñécese o NOF			
11. Compártese o contido do NOF			
12. Coñécese o DOC e a súa composición			
13. A PXA recolle anualmente eses obxectivos para cada un dos ámbitos			
14. O documento da PXA respecta a estrutura proposta polo NOF			
15. A PXA incorpora os aspectos que se valoraron como mellorables o curso anterior			
16. É útil para definir e describir as actuacións que se realizan no centro			
17. É unha ferramenta de consulta e apoio			
18. O Proxecto Curricular está actualizado			
19. O Proxecto Curricular está contextualizado á realidade do centro			
20. O PCC desenvolve os principios educativos do PE			
21. O documento do PE respecta a estrutura determinada pola normativa			
22. O PCC está difundido suficientemente e serve de referente ás Programacións			
23. A revisión do PCC está organizada e vense desenvolvendo de forma continua para a súa mellora			

A valoración realizarase ao inicio e á conclusión.

O Proxecto Educativo é un documento revisable a medio/longo, prazo as súas concrecións anuais efectivas serán na Programación Xeral Anual onde todos os equipos e partes implicadas establecerán os obxectivos e actuacións para o curso escolar.

Informado e aprobado en Consello Escolar, posteriormente na Memoria Final, avaliarase o grado de consecución destas propostas.

En base a esta avaliación o PE poderá ser modificado ou actualizado.